

ANTÓN CORTIZAS

"Escribir é unha necesidade; se non me editaran nada seguiría facéndoo"

Con 50 anos e unha trintena de obras publicadas, Antón Cortizas é xa unha parte do patrimonio artístico vivo desta cidade. Tres veces gañador do prestixioso Barco de Vapor, este mestre de Canido está a preparar agora un excelso volume sobre brincadelos e enredos populares, unha obra que, de seguro, pasará a integrar o apartado de obras imprescindibles da literatura galega

Texto Jose Fandiño

Fotos Carlos Carballeira

Caricatura Juan Veiga



A

feitos como estamos a escoitar iso de "esto no lo pongas" ou "esto te lo digo off the record", falar con Antón Cortizas é un alivio, tal que as poesías que el escribe, disque, cando lle doe a alma. Pero a este prolífico escritor non só lle doe iso.

Tamén lle doe Galicia: "O noso problema é que non nos queremos", sentencia.

—**Tentei averiguala, pero nada. ¿Levas a conta de todo o que tes publicado?**

—Si, teño no ordenador un arquivo no que vou apuntando todo.

—**¿En total?**

—Editadas debo de ter trinta. Pero á parte teño obras que fixen con outras persoas, libros de texto, cousas en revistas... e outras que teño rematadas e sen publicar.

—**¿Por que son tan prolíficos os escritores de literatura infantil?**

—¿Somos prolíficos?

—**Home, moitos tedes ducias de libros publicados...**

—Porque somos vellos (risos).

—**Pero hai casos de rapaces, como o de Neira Cruz, que con 36 anos xa ten máis de 25 títulos na rúa. Non sei se será máis doado escribir para nenos que para adultos.**

—Non, non é máis fácil. Depende do texto. Teño oito libros pequenos para nenos de tres anos que nin levan unha semana escribilos porque son pouco máis de 20 palabras. Quizais esa sexa unha característica da miña obra, que teño libros para pequenos de tres anos ata adultos.

—**¿A que idade é a máis difícil de chegar?**

—Cando te pos a escribir, agás cando son por encarga, non pensas niso. Por lóxica existe unha regra de tres entre o número de páxinas e a dificultade de traballo. Un libro de 300 páxinas non é que che leve o dobre que un de 150, porque tampouco é esa a medida. Unha páxina que tardas en lela 1, 2 ou 3 minutos; en escribila poden ser horas. O traballo que fas, apto para ser lido por nenos e adultos, é o mesmo. Pode ser que a algunhas persoas lles resulte máis fácil facer unha linguaxe accesible para públicos pequenos, pero hai escritores de literatura para adultos que non son capaces de escribir para nenos. Sen embargo, un autor de libros para nenos si é capaz de facelo para adultos.

—**Pero ao mellor tes que mirar moi ben como contas as cousas, e non podes ser tan explícito...**

—Depende, iso tampouco o miras moito. Cando escribo unha historia, sexa a que sexa, non penso que vai ser lida por nenos. Simplemente é algo que me apetece facer. Escribir é un traballo como outro calquera, pero que fas porque che da a gana, aínda que non podas vi-



vir diso. E iso si que é unha desgracia, porque un país que non pode permitirse o luxo de que determinadas persoas podan vivir de traballos necesarios, das artes en xeral, non é un país completo. Xente que viva do que leen outras persoas hai pouca. Hai un estudo que di que un autor do que menos vivía era dos dereitos de autor. Iso só non dá para vivir nun país que le tan pouco como este.

—**Pois eu pensaba que estabas forrado...**

—Si, forradísimo (risos)... Pola cantidade de horas que lle adico si debería estar. Pero tampouco o fago por iso: se ti escribes para gañar cartos e non os gañas, deixarías de escribir. Fallo porque che gusta.

—**¿De onde vén a paixón por contar historias para nenos?**

—De contar historias en xeral, non só para nenos. Pois non sei de onde vén. A min sempre me gustou escribir de pequeno. Cando vivía en Canido xa facía poesías e monicreques na rúa Atocha e na Alonso López. Alí, entre varios, facíamos os monicreques nalgún portal de puxigo dos que había antes e a porta facía de escenario. Agochabámonos e representabamos historias, moitas con guións. Entón xa era literatura, con oito ou dez anos. Era un divertimento e como por fortuna non había televisión, podíamos adicarnos a cousas máis interesantes.

—**¿E non había un referente?**

—Si, dos monicreques si había. Era un que viña ao por que todos os veráns, un maese "nonseiqué", non lembro, da zona de León, e facía unhas representacións de monicreques para nenos, e alí íamos todos: todo Canido estaba alí metido. Estabamos agardando ás veces cunha ansiedade tremenda a que chegara o titiriteiro aquel. E nós, a imitación diso, brincabamos, porque todos os xogos de nenos son, dalgunha forma, imitacións da vida adulta.

—**Tes escrito que os tempos pasan, pero non os anxeos de soñar e de alcanzar mundos mellores e máis libres. ¿Como se transmite ese optimismo?**

—Hai persoas que escriben o que ven, e outras o que non ven. Ás veces simplemente é un divertimento, e outras veces intentas que entre as liñas que se len, haxa outras liñas que non se len pero que se teñen que entender. Esa é a alma da literatura, onde se ve se tes un estilo propio, unha maneira de contar, unha escala de valores que se ten que reflexar dalgunha maneira nas cousas que escribes. É iso é o fundamental, porque a vida que teño arredor non me gusta. Vivimos nun mundo bastante malo, sobre todo para algunhas persoas. Se fora mero transmisor dese mundo, non me pagaría a pena ser escritor. Cando escribes tes que reflectir aquilo que che gustaría que fose.

Por exemplo, cando meto un rei nun conto, el nunca é o personaxe principal, porque xa o é na vida real. Polo menos que sexan na fantasía e na imaxinación persoas que na vida real deberían de ser as protagonistas, que son as boas persoas, as que non fan mal a ninguén. Cambiar o mundo desde as palabras é algo que nunca se poderá facer.

—Ao mellor...

—Iso de que a poesía era unha arma cargada de futuro, pois xa me dirás ti... Bótalle poesía a Iraq. Estamos igual que na Idade Media.

—¿Hai máis autores-transmisores ou comprometidos?

—Hai de todo, porque todo é necesario. A literatura tampouco ten que ser compromiso de nada: é unha arte. E como tal, o que se busca é a beleza das palabras. Se ti es transmisor de valores ou ideas pero o fas mal, non vale. O que tes que facer ben é a literatura, que as palabras sexan as correctas, que teña o seu xeito, a súa música. Que o vocabulario e as palabras estean ben escollidas, que teñan beleza. Iso é literatura, se non sería un simple panfleto. A literatura, se é literatura, é fermosa, sexa como sexa, diga ou non diga nada. Sen máis pretensións, aínda que normalmente os escritores intentan transmitir cousas.

—¿Lembras como foi a publicación do primeiro libro?

—Foi "Memorias dun río", co que me deron o Premio Barco de Vapor no ano 88. Foi o que me abriu unha porta e me permitiu editar máis.

—Vaia debut. Porque o Barco de Vapor é quizais o premio máis importante nese eido.

—Si, calquera premio que che dean é gustoso. Pero un premio é unha lotería.

—¿Hai moitos intereses?

—Nalgúns hai. Tampouco coñezo todas as miudezas dos premios literarios. Pero a min comentoume xente que hai premios que están pedidos: "Oe, preséntate que cho damos". Non falo de ningún en concreto. Son simplemente cousas que oes pero que non sei se son certas ou non. No meu caso, os premios que recibín son unha lotería. Tiven a sorte de que me tocou.

—Gañalo unha vez pode que sexa unha lotería, pero tres veces...

—Home, algo bo haberá por detrás. Espero que non só fora unha cousa de bombo. Pero é unha simple casualidade. Para que un libro gañe ten que ser bo, pero con iso non chega, pois ten que gustarlle ás persoas que nese momento están lendo o teu libro. Ten que darse a circunstancia, primeiro, de que a lean, porque a min resultame moi sospeitoso que nun premio no que concorren 300 novelas se poida acertar a escoller a mellor. É imposible, non dá tempo. E se cadra, o día que a esa persoa do xurado tocoulle ler a novela doñalle a cabeza, ou estaba cabreada, pero ao día seguinte colleu a outra con mellor humor e lle gustou. Vamos, que ten que ser boa pero é unha lotería. Por iso tiven sorte.

—E comentabas que iso che abriu as portas.

—Si. Editar un libro é moi difícil. E se non tes nada editado, aínda máis, claro, porque hai moita concorrència, os lectores non son demasiados, véndese pouco. Recordo que antes de escribir "Memorias dun río" fixera "Xiganano, ¿onde estás?", que mandara ao I Premio Merlin, e non gañou. Estaba mal escrito. Despois refíxeno e, aproveitando que me deran o Barco de Vapor, mandeino á editorial SM e publicárono en galego e castelán, e agora está traducido ao catalán e ao italiano.

—"O Lapis de Rosalía" está traducido tamén ao italiano e ata ao grego.

—Ése é un libro con fortuna. Esta semana chegou a 13 edición en castelán. En galego non sei se leva dúas ou tres. Con este en concreto cometeron a ousadía de facer unha primeira edición de 10.000 exemplares, que son moitos para un libro en galego e dunha persoa descoñecida.

—Maioritariamente a túa obra é narrativa, pero tamén fíxeches algún escarceo con outros xéneros.

—En esencia creo que son poeta. Non teño nada editado, pero si varios libros escritos de poesía, sobre todo para adultos. A miña porta abríuse para a narrativa e o teatro.

—¿Gustaríache facer máis cousas para adultos?

—Eu estou cómodo e fago o que me apetece no momento. Para min, escribir é unha necesidade. Aínda que non me publicaran nada, eu seguiría escribindo porque o necesito; necesito contar cousas por escrito.

—Falemos dos xogos populares. ¿Cando se che ocu-



riuu comezar a recompilar todo o material?

—Vén da miña adolescencia, cando comecei a describir os xogos da infancia en Canido. Preguntáballe á miña caterva de amigos —dependendo do sitio xógase dunha maneira—, e ía facendo. Tamén axuda o meu oficio de mestre. Despois chamáronme de Radio Fene para facer un programa sobre xogos. Xa ves que gracioso pode ser falar de xogos pola radio, pero ben, así foi, durante dous anos e medio, todos os sábados, un cuarto de hora de Chirlosmirlos. Pasaron os anos e, cando estaba en Lisboa, chamoume Henrique Sanfiz para comentarme que cabía a posibilidade de editar ese material, e así comecei a facer os "Chirlosmirlos", que ao final saíron en Xerais. O mellor é que no libro vai unha pequena achega bibliográfica de todas as persoas que escribiron sobre os xogos en revistas de etnografía.

—Na práctica é case un traballo etnográfico.

—Non está feito con esa idea, senón coa de manter vivas estas maneiras de xogar. Non ten o rigor etnográfico, de contar o que che contaron, non. Entendo que conta unha maneira tradicional de xogar, pero que ao mesmo tempo eu tamén son transmisor desa maneira de xogar, polo tanto faise doutra forma. Co dos xoguetes, os brinquelos, co que estou agora, vai un estudo bibliográfico moi meticuloso, porque anoto todas as referencias escritas sobre eles, desde mil oitocentos ata agora.

—¿E cando estará rematado?

—Quería telo para o verán, pero non sei se vou ser capaz. Porque teño moitísima información e de cada enredo vai unha descrición minuciosa. O libro chamarase "Tastarabás", non sei se

catálogo de brinquelos populares e uso lúdico da natureza. E tamén van sinónimos deses enredos, lugares de procedencia, informantes e referencias bibliográficas. E logo quero que cada enredo vaia ilustrado, non con debuxos, senón con fotografías, así que estou construíndoos.

—¿Houbo algo que che sorpredeu e deoñeceras?

—Si, hai cousas moi bonitas. Vai un anecdótico e, por exemplo, o enredo "tal" está reflectido nun cadro de Bruegel do século XVI, no que hai máis de oitenta xogos de nenos.

—Ben. Estívesches fóra de Ferrol varias etapas...

—Mira, vivín en Ferrol, A Coruña, Madrid, Mugardos, Carnota, Lisboa, e outra vez en Ferrol, por motivos de traballo ou de estudo. Porque os mestres somos un pouco moimantes, e iso que eu fun dos que pouco se moveron.

—E sempre quixeches quedar aquí.

—Si, tiven a oportunidade de quedar en Madrid. Quería estudar bioloxía, pero creo que a xente ten que quedar no sitio que quere, no sitio do que é. E eu quero estar aquí.

—¿E o de Madrid foi por motivos políticos?

—Naquel tempo, si. Eu non era político, era un estudante de 16 anos que foi a Madrid facer Bioloxía e ao que non deixaron matricular porque a Universidade estaba revolta, e o franquismo era unha represión absoluta e absurda de todo, e non podías cambiar de distrito universitario. Así que non son biólogo porque non me deixaron. Aínda que o que escollín despois tamén me gusta.

—¿Cando volverás publicar algo de ficción?

—Algunha poesía que fago de cando en vez, porque a veces facer unha poesía é como quen toma unha aspirina: se che doe algo na alma, fas unha poesía e quedas algo aliviado.

Na outra páxina, Antón Cortizas visto polo caricaturista Juan J. Veiga. O resto das imaxes están tomadas da entrevista que mantivemos con el no seu centro de traballo

